

EDICTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN

Rematado o período de exposición pública do acordo do Concello Pleno de Narón de data 25 de setembro de 2025, relativo á aprobación inicial do REGULAMENTO DE ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN, sen que se teñan producidas alegacións ou suxerencias, enténdese aquel acordo elevado a definitivo e se procede a súa íntegra publicación neste Boletín Oficial da Provincia.

Regulamento regulador do servizo “CONCILIAESCOLA” de apoio á conciliación familiar do Concello de Narón

PREÁMBULO

Este regulamento pretende a ordenación do servizo municipal dirixido a favorecer a conciliación familiar e laboral denominado “CONCILIAESCOLA”. Este servizo, dirixido ao coidado de menores de entre 3 e 12 anos, crease no marco do Plan Municipal de Igualdade.

Pretendese con este regulamento establecer as condicións de acceso ao servizo de conciliación, os colectivos prioritarios de acceso á participación, así como establecer os dereitos e obrigas aplicables ás persoas que participen no mesmo.

Este Regulamento axustase aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 de la Lei 39/2015:

- En virtude dos principios de necesidade e eficacia, xustifícase pola súa razón de interese xeral e baséase nunha identificación clara dos fins perseguidos, dado que o regulamento persegue regular a maneira de fomentar o acceso e participación das familias máis necesitadas de apoios á conciliación familiar, sendo o regulamento o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

- Segundo o principio de proporcionalidade, contén a regulación imprescindible para atender a necesidade de cubrir, regular o funcionamento, e acceso ao servizo de conciliación.

- Adecuación ao principio de seguridade xurídica. Cómprese, en tanto que a súa materia, obxectivos e contido encádranse nas competencias municipais.

- Conforme ao principio de transparencia, este regulamento será previamente sometido a consulta pública previa no Portal de Transparencia do Concello de Narón.

Á hora de propoñer estes servizos tívose en conta os recursos xa existentes, e as necesidades potenciais a cubrir en canto a colectivos destinatarios prioritarios, franxas horarias, períodos do ano de especial dificultade de conciliación, e circunstancias extraordinarias que poden xerar grandes obstáculos á hora de conciliar o coidado de menores con outros eventos sobrevindos.

TÍTULO I

Disposicións de carácter xeral

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O presente regulamento ten por obxecto regular o acceso, organización, funcionamento e xestión do servizo conciliaescola dirixido a menores de entre 3 e 12 anos, empadroados ou escolarizados en Narón.

2. Conciliaescola poderá ser ofertado en diferentes quendas, con distintos horarios ou en diversos períodos do ano, e para diferentes franxas de idade.

3. O contemplado neste regulamento será de aplicación aos elementos comúns do servizo que se preste nas diferentes quendas e nos distintos períodos do ano.

Artigo 2. Definición e obxecto dos servizos.

1. O servizo conciliaescola concíbese como unha alternativa adecuada para paliar ás dificultades de conciliación familiar e laboral, ofrecendo uns espazos socioeducativos e de coidado aos e ás menores, en diferentes recursos comunitarios, franxas horarias e períodos do ano.

2. O servizo prestarase en períodos de vacacións escolares, en diferentes quendas, e desenvolverase en horario matinal.

A oferta configurarase atendendo á demanda percibida e aos recursos dos que dispoña o Concello de Narón para este fin en cada momento.

Artigo 3.- Titularidade e xestión dos servizos.

1. O programa é un servizo público orientado á conciliación familiar.

2. A titularidade do servizo corresponde ao Concello de Narón, e prestarase mediante xestión indirecta.

Artigo 4. Lugar de prestación dos servizos.

1. O servizo poderá desenvolverse en diferentes instalacións municipais que cumpran os requisitos para atender á demanda e que, dependendo das dispoñibilidades poderá ser en Pavillóns polideportivos, Centros comunitarios, Ludoteca municipal e outros, sempre de maneira diferenciada aos usos habituais de ditas instalacións.

2. En acordo e coordinación cos diferentes centros escolares da localidade, este servizo poderá prestarse tamén neses centros, se as circunstancias aconsellan esta opción como máis recomendable.

TÍTULO II

Normas relativas ao desenvolvemento dos servizos

Artigo 5. Obxectivo.

1. O obxectivo xeral deste servizo é promover o apoio á conciliación familiar e laboral, desenvolvendo novos servizos colectivos, en forma de espazos denominados “concilaescola”, que atendan a menores de entre 3 e 12 anos, empadroados ou escolarizados en Narón, para favorecer a conciliación da vida laboral e o coidado de menores.

2. Ao mesmo tempo procurarase un espazo de coidados e calidade aos e as menores participantes mediante a programación de actividades educativas, lúdicas ou de promoción de competencias persoais e sociais que contribúan ao seu desenvolvemento e benestar, atendendo á idade e necesidades dos e as participantes.

Artigo 6.- Requisitos mínimos para participar no programa

1 Que o neno ou nena para o que solicita a praza teña cumprido ou cumpra a idade de 4 anos no ano no que se desenvolva o servizo, e non supere a idade de 12 anos nese mesmo ano.

2 Que a nena ou neno para o que se solicite a praza estivera escolarizado no curso escolar nun centro educativo no municipio de Narón, ou empadroado/a en Narón.

3 Que os pais/nais/titores/a do/a menor para o que se solicita a praza estean traballando.

Os e as menores que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nas diferentes convocatorias sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver con autonomía, circunstancia que deberá acreditarse.

Artigo 7. Calendario de funcionamento.

1. O servizo prestarase atendendo aos calendarios e horarios non lectivos dos centros escolares de Narón, e á idade do alumnado ao que se dirixe.

2. As quendas poderán programarse en diferentes días e franxas horarias en función da demanda detectada, en forma de servizo colectivo, e que poderá comprender:

- Horario de garda e custodia entre 8:30 e 9:30 horas.
- Horario de actividades educativas entre as 9:30 e as 14:00 horas.
- Horario de garda e custodia entre as 14:00 e as 15:00 horas.

Artigo 8. Participación dos centros escolares e das familias.

Para o desenvolvemento do servizo procurarase a participación e coordinación cos centros escolares, a través do equipo directivo e ANPAs.

TÍTULO III

Acceso ao servizo

Artigo 9. Lugar, forma e prazo de presentación de solicitudes.

As persoas interesadas en participar nas distintas convocatorias deberán presentar a solicitude de inscrición debidamente cumprimentada e asinada, en modelos normalizados, xunto coa documentación requirida en cada caso.

O lugar de presentación de solicitudes será no Rexistro Xeral do Concello, sede electrónica, ou por calquera dos medios contemplados na Lei de Procedemento Administrativo.

O prazo de presentación de solicitudes virá determinado en cada convocatoria.

Artigo 10.- ORDE DE PRIORIDADE NA ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

De haber mais solicitudes que prazas, terán prioridade as familias que presenten algunha destas situacións:

- Familias monoparentais/monomarentais.

- Familias nas que a persoa solicitante sexa coidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia segundo a Lei 39/2006.
- Vítimas de violencia de xénero.
- Familias numerosas.
- Familias que soliciten praza para máis dun/dunha menor.

De persistir a situación de ter mais solicitudes que se atopen nunha destas situacións, darase prioridade, por orde, ás familias que perciban menos ingresos sobre as que perciban mais ingresos.

11.- Documentación a presentar

11.1.-Para formalizar a solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

- 1.- Solicitude en modelo oficial debidamente cumprimentada e asinada pola persoa responsable do/a menor no período para o que se solicita a actividade.
- 2.- Certificado que acredite que o/a neno/a está escolarizado/a nun centro educativo municipal no curso da correspondente convocatoria (solo, no caso de que non estea empadroadado/a).
- 3.- Vida laboral dos proxenitores/titores/gardadores, etc., ou certificado do organismo competente nos supostos nos que a actividade profesional determine un réxime distinto ao da Seguridade Social.
- 4.- DNI ou documento equivalente, en vigor, do/a asinante da solicitude, e do/da menor, se o posúe. De non posuír o/a menor DNI, acreditarase co Libro de Familia, ou documentación acreditativa.
- 5.- Tarxeta sanitaria ou seguro privado do/da menor.
- 6.- Outra documentación que acredite calquera outra situación.

11.2.-Para valorar os criterios de prioridade no acceso á praza, deberá presentarse a seguinte documentación:

- 1.-Para acreditar Familia monoparental/monoparental: certificado oficial de familia monoparental/monoparental.
- 2.-Para acreditar Familia numerosa: certificado oficial de familia numerosa.
- 3.-Para acreditar a situación de violencia de xénero: certificación da orde de protección ou da medida cautelar; sentenza que declare tal situación; informe dos servizos sociais, ou sanitarios da administración pública, autonómica ou local; informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, ou calquera outra que se estableza regulamentariamente.
- 4.-Para acreditar ser coidador/a non profesional de acordo coa Lei 39/2006: resolución do servizo de Dependencia e autonomía persoal da Xunta de Galicia.
- 5.- Para acreditar a situación económica :
 - Declaración do IRPF da unidade familiar correspondente ao exercicio do ano inmediatamente anterior. No caso de non ter presentada a declaración do IRPF, ou non estivera obrigado/a a presentala, certificado de imputación de rendas percibidas no referido ano de tódolos membros da unidade familiar.
 - Cando proceda, Resolución xudicial que estableza pensións económicas a satisfacer.

A falta de presentación da documentación acreditativa de calquera destas situacións suporá a renuncia a tela en conta.

Artigo 12. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento correspóndelle ao Servizo Sociocomunitario municipal. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de datos, en virtude dos cales, formulará proposta á Concellería delegada, órgano competente para á súa resolución.

A Concellería delegada aprobará a lista provisional de solicitudes admitidas, excluídas, que publicarse no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica, seguíndose o procedemento polos trámites establecidos na corresponde convocatoria.

Resoltas as reclamacións, publicarse a lista definitiva das prazas adxudicadas, as excluídas e as de agarda, de ser o caso, pola orde correspondente.

As persoas adxudicatarias das prazas, que non vaian a acudir ao programa deberán presentar a renuncia por escrito, a través do rexistro xeral do Concello de Narón, ou da sede electrónica. De non facelo así, non poderán participar na seguinte convocatoria.

De existir renuncias e quedar prazas vacantes, contactarase por teléfono coas persoas da lista de agarda para ofertar-lle a praza. Realizaranse 3 chamadas telefónicas entre as 9.00 e a 14.00 horas en distintos horarios. De non contactarse coa persoa interesada, chamarase á seguinte da lista .

Artigo 13. Condicións de baixa.

1. A persoa usuaria do servizo pasará a estar en condición de baixa no mesmo:

- a) Cando finalice o período da actividade en que está rexistrada.
- b) Cando se produza renuncia voluntaria da praza.
- c) Cando se produza algún dos motivos penalizados coa baixa no servizo.

TÍTULO IV

Dereitos e deberes dos e as participantes

Artigo 13. Condicións xerais de uso do servizo e obrigacións das persoas usuarias.

1. As familias admitidas nas diferentes quendas para a conciliación cumprimentarán un documento no que se determine quen serán as persoas responsables da entrega e recollida dos e as nenas que quedan a coidado dos servizos. As familias comprométese á puntual recollida dos e as menores á finalización da actividade, podendo dar lugar o seu incumprimento á perda de praza nos mesmos.

2. As familias están obrigadas a informar cunha antelación mínima de 24 horas a inasistencia ao servizo, ou a renuncia ao mesmo.

3. Non poderán acudir menores que temporalmente se atopen con síntomas de enfermidade infecciosa ou que implique risco de contaxio, estando obrigadas as familias para comunicar este feito ao servizo, sen que implique nese caso perda da praza.

4. Elaboraranse normas de convivencia que serán debidamente observadas polos e as menores que gocen dos mesmos.

Artigo 14. Dereitos.

As familias participantes deste servizo terán dereito a:

- a) Ser tratados/as baixo os principios de respecto e igualdade sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- b) Recibir un trato respectuoso e digno de todo o persoal vinculado ao servizo.
- c) Recibir información e orientación individualizada respecto a as actividades que realizan os e as menores.
- d) Presentar reclamacións e suxestións sobre aspectos referidos ao servizo.
- e) Ter á súa disposición as instrucións e normas de xestión e funcionamento do servizo.

Artigo 15. Deberes.

As familias participantes quedan suxeitas aos seguintes deberes:

- a) Asistir con puntualidade á entrega e recollida dos e as menores.
- b) Avisar cun tempo mínimo de 24 horas ao servizo municipal responsable o atraso, ou inasistencia por causas puntuais, así como a solicitude de baixa definitiva no servizo.
- c) Participar nas tarefas ou instrucións realizadas polo persoal a cargo da actividade.
- d) Gardar unha conduta de respecto e colaboración cara ao grupo e o persoal a cargo do programa en aras a lograr a mellor convivencia.
- e) Coidar o material e instalacións nos que se desenvolveu a actividade en cada caso.
- f) Acatar o réxime disciplinario e de sancións establecido.

TÍTULO V

Infraccións e sancións

Artigo 16. Infraccións.

1. Considéranse infraccións leves:

- a) Non atender as indicacións ou instrucións emitidas polo persoal a cargo da actividade.
- b) Non mostrar a debida dilixencia na utilización das instalacións e o material.

2. Considéranse infraccións graves:

- a) A non asistencia ao recurso na frecuencia e horarios en que se solicitou, cando non supoña unha falta moi grave.
- b) A falta de puntualidade na recollida dos e as menores ao fin da actividade, cando non supoña unha falta moi grave.
- c) A falta de respecto ao resto de participantes ou profesionais.
- d) Alterar a orde ou impedir o adecuado desenvolvemento da actividade.
- e) A reiteración na comisión de infraccións leves, a partir da terceira.

3. Considéranse infraccións moi graves

- a) A inasistencia ao recurso despois de iniciado o período de concilia sen ter presentado previamente a renuncia.
- b) A falta de puntualidade na recollida dos e as menores que exceda os 20 minutos contados desde a hora de peche do recurso ou actividade.
- c) Manifestar calquera tipo de agresión intencionada cara a outro/a participante ou cara a profesionais a cargo do desenvolvemento da actividade: física, verbal, acoso, discriminación etc. Consentir, por omisión, situacións de agresión ou acoso cara a outro/a participante.
- d) A reiteración de faltas graves, a partir da terceira.

Artigo 17. Responsable do procedemento sancionador.

A instrución dos procedementos sancionadores será resolta por unha comisión formada polo persoal técnico do Servizo Sociocomunitario municipal e representante da empresa adxudicataria do contrato do servizo, que convocará a Concelleira Delegada de Igualdade, no caso de comisión de faltas graves e moi graves

Artigo 18. Sancións.

- 1. As infraccións leves e graves serán sancionadas mediante amoestación, con independencia da obriga de reparar ou reparar os danos causados, sendo responsables neste último caso o pai, nais ou titor/a legal do menor.
- 2. As infraccións moi graves serán sancionadas coa perda do dereito a participar na seguinte convocatoria.

Disposición final única.

O presente Regulamento entrará en vigor transcorridos desde a publicación do seu texto íntegro definitivo no Boletín Oficial da Coruña, e seguirá en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Narón, 28 de novembro de 2025

A alcaldesa

Ado.- Marián Ferreiro Díaz

2025/8026